

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	LALÍN
Dirección	Lugar de Lebozán, s/n. 36519
Edificio	Igrexa de Santiago de Lebozán

Campás actuais

Nombre	Santiago
Localización	Campanil de forxa
Medidas (cm)	Diámetro (en cm) 0 Bordo Altura do bronce kg
Fundidor	
Ano de fundición	1789
Descrición	A vella campá da igrexa (campá menor), procede de O Convento pero, ¿onde estaba a primitiva igrexa de Lebozán?... e aquí é onde entra en escena a súa campá pequena, colocada fóra de sitio na espadana. A campá pequena foi transportada, pouco despois da desamortización de Mendizábal (1836), procedente de O CONVENTO, para a nova igrexa, a actual, situada cerca do vello camiño Cruz da Grade-Os Carballiños e a carón do regueiro que nace no monte da Ferreiriña. Foi, precisamente, daquela cando se construiu, posiblemente, a igrexa e se colocou dentro do arco da espadana a campá que viña de "O Convento" e na que se pode apreciar claramente, pola inscrición, que foi fundida (bronce) en 1789. Nesta campá, tal vez fundida en Beariz, aparece unha probable cruz de Malta e a seguinte inscrición: "IHS SANTIAGO ORA PRO NOBIS. ANO 1789". Así que hai que destacar algúns aspectos: 1- A abreviatura IHS (Jesus Hominem Salvatorem) é a mesma ca que aparece marcada nunha cantería na parede da Casa de Chedas (casa señorial). 2- A forma da cruz da campá parece indicar que se trata dunha cruz de Malta, que nos indica que os Cabaleiros da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalém, cun priorato en Soutolongo, estiveron á fronte de O Convento. (Antonio Presas). Óllase unha soldadura na parte dereita do pé.
Fotos	7
Toques	
Conservación, mantemento	
Protección	
Propostas	
Autors da documentación	
Data	

Nome	Maior.
Localización	Espadana
Medidas (cm)	Diámetro (en cm) 0 Bordo Altura do bronce kg
Fundidor	TABOADA, JESÚS (MONEIXAS)
Ano de fundición	1911
Descrición	3- A nova campá da Igrexa de Lebozán No ano 1911, segundo se pode ler na inscrición que aparece na campá grande, fundiuse unha nova campá (esta vez na fundición dos campaneiros de Moneixas, Lalin) para reemplazar a vella, que foi cambiada de sitio. Como a espadana conta tan só cun oco, para emplazar a campá vella, habilitouse unha estrutura lateral con armazón de ferro e a nova campá, de maior tamaño, instalouse no mesmo sitio da anterior. ¿Porque se instalou un nova campá de maior tamaño?... pois a resposta a esta pregunta parece simple: porque se necesitaba que tivera un maior alcance, que a puideran escoitar os veciños de todas as aldeas (PRESAS, Antonio).
Fotos	2
Toques	
Conservación, mantemento	
Protección	
Propostas	
Autors da documentación	
Data	

Información completa: [Igrexa de Santiago de Lebozán - \(GALICIA\)](#)

PDF (17-09-2026)